

ASISTENTES:

Presidente:

Dona Milagros Otero Parga

Vicepresidente:

Don Pablo Cameselle Martínez

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Dona. Natalia Prieto Viso

Polo Consello Consultivo

Dona María José Quintana Acebo

Polo Consello de Contas

Don Manuel José Santana Suárez

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretaria:

Dona María Puy Fraga

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 19 de decembro de 2017, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 30 de novembro de 2017, ten lugar a XVII sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1º.- Saúda


A presidenta inicia a sesión cunha benvida na que agradece a dispoñibilidade dos membros para a modificación das datas do 12 de decembro ao 19 de decembro ante os problemas de axenda que se presentaron.

Tamén aproveita o saúda para indicar que durante o ano 2018 o Valedor do

Pobo vai a encargar un estudo especificamente centrado no eido da transparencia, co fin de facer un seguimento a esta nova tarefa asumida.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 7 de novembro de 2017

A secretaria procede á lectura da acta da sesión XVI. Tras corrixir un erro material en relación á data da mesma, estando conformes todos os presentes apróbase por asentimento.



3º.- Seguimento dos expedientes administrativos en tramitación.

A presidenta informa á Comisión que a 19 de decembro iniciáronse 130 expedientes. Destes están resoltos ata a data 70, con excepción dos números RSCTG39/2017, RSCTG44/2017, RSCTG 47/2017 e RSCTG 48/2017. Na devandita sesións analizaranse os mesmos agás o RSCTG 47/2017 que está actualmente en prazo de presentación de alegacións.

O expediente RSCTG 39/2017 é retirado da mesa dado que os membros da comisión acordaron revisar novamente o contido da mesma, á vista das argumentacións da administración autonómica sobre o sentido do seu voto respecto da proposta de resolución. Ademais o Consello Consultivo, na que a súa representación recae en dúas letradas, fai constar que tendo en conta a data da solicitude, estas persoas forman parte dos terceiros interesados no asunto.


O informe oral da presidenta analiza os expedientes do ano en curso. Durante a revisión dos mesmos os membros da comisión proceden a salientar a distinción entre o dereito de información ambiental e o dereito de información pública en relación ao contido da disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro e a aplicación da causa de inadmisión do artigo 18.1 e) en relación ao abuso do dereito. Esta cuestión está relacionada coa existencia de 25 reclamacións xeradas por unha mesma persoa xurídica, as cales non se axustan ao procedemento, son escritos confusos, carentes dos principios propios da transparencia como son a claridade, concisión, que sexan entendibles e na que se constate unha participación cidadá destinada á unha activa implicación nos asuntos públicos.

4º.- Resolución, se procede, dos expedientes tramitados


Antes de iniciar a revisión das propostas de resolución a representante do Consello Consultivo quere facer constar en acta a súa abstención no expediente RSCTG 48/2017, por amizade manifesta coa persoa que o interpuxo. Polo que durante a sesión a representante do consello sae da sala durante o debate deste expediente, procedendo a ser chamada á sala tras o debate e votación.

Informase do arquivo do expediente RSCTG 084/2017 por estaren duplicada a reclamación.

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:



EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
RSCTG 0044/2017	Estimatoria
RSCTG 0048/2017	Inadmisión por falta de competencia
RSCTG 0071/2017	Estimatoria
RSCTG 072/2017	Estimatoria
RSCTG 073/2017	Inadmisión por falta de competencia
RSCTG 074/2017	Estimatoria parcial pois se estima en relación á petición do IGVS e Inadmisión en relación á petición ante o concello de Vila de Cruces
RSCTG 075/2017	Inadmisión por non ter transcorrido o prazo legal para resolver a petición
RSCTG 077/2017	Estimatoria
RSCTG 078/2017	Inadmisión por falta de competencia
RSCTG 079/2017	Inadmisión por falta de competencia
RSCTG 080/2017	Estimatoria
RSCTG 081/2017	Estimatoria por motivos formais
RSCTG 082/2017	Estimatoria
RSCTG 083/2017	Inadmisión por non ter transcorrido o prazo legal para resolver a petición
RSCTG 085/2017	Estimatoria
RSCTG 086/2017	Estimatoria
RSCTG 087/2017	Arquivo por desistimento



4º.- Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 30 de xaneiro ás 12.00.

5º. - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 14:00 da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.

A Presidenta



Milagros Otero Parga

A secretaria



María Puy Fraga

